



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/artes-humanidades/grao-xestion-cultural-presencial
www.usc.gal/gl/estudos/gaos/artes-humanidades/grao-xestion-cultural-semipresencial



Grao en Xestión Cultural

[Presencial] e [Semipresencial]

www.usc.gal





Xestión Cultural

[Presencial] e [Semipresencial]

O Grao en Xestión Cultural ten como obxectivo principal formar a profesionais que desenvolverán a súa actividade no ámbito da xestión da cultura, ben ao servizo de institucións públicas ou privadas ou orientando a súa actividade ao mundo da empresa. O itinerario formativo deste Grao, de clara orientación profesionalizante, combina materias de diversas áreas das ciencias humanas e sociais así como outras de natureza instrumental. Estas materias no seu conxunto proporcionan a formación requirida a un xestor cultural en ámbitos tan diversos como a economía da cultura, as políticas culturais, o marketing e a comunicación cultural, os proxectos culturais, o patrimonio e a antropoloxía, a socioloxía, o turismo cultural e o desenvolvemento sostible, a dixitalización do patrimonio, as Tic, a cultura e patrimonio de Galicia, a historia da arte, os sectores audiovisuais e editorial, o patrocinio e o mecenado, a lexislación sobre patrimonio, a literatura ou as artes escénicas

Tipo	Presencial e semipresencial
Área	Artes e Humanidades
Centro	Facultade de Humanidades fhdeca@usc.es
Campus	Lugo
+info	www.usc.gal/gl/estudios/graos/artes-humanidades/grao-xestion-cultural-presencial www.usc.gal/gl/estudios/graos/artes-humanidades/grao-xestion-cultural-semipresencial

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4 anos

Prezo curso (aprox.) UE: 9,85 €/crédito

Non UE: 60,83 €/crédito

Número de prazas: 45 (25 na modalidade presencial e 20 na modalidade semipresencial)

Nota de corte:

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos


A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 132 créditos de materias obrigatorias, 36 créditos optativos, 6 créditos Prácticas externas obrigatorias e 6 créditos Tráballo Fin de Grao

Mobilidade e prácticas

A mobilidade do alumnado da titulación está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. O Servizo de Relacións Exteriores xestiona os programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS+) e extracomunitarios (mediante distintos convenios bilaterais).

O plan de estudos do Grao en Xestión Cultural contempla a realización obrigatoria de prácticas externas no primeiro semestre do último curso cunha extensión de 6 ECTS. O obxectivo fundamental é ofrecer ao estudante a oportunidade de efectuar unha inmersión no mundo profesional e, así mesmo, aplicar de maneira integrada e consolidar o conxunto de competencias e aprendizaxes que traballou ao longo do itinerario formativo.

As prácticas externas realizadas polo alumnado do Grao en Xestión Cultural poderán ser presenciais, semipresenciais ou en liña. Defínense como presenciais aquelas prácticas



nas que o 100% das horas de traballo do alumno ou alumna realízanse no centro no que está radicada fisicamente a empresa ou institución na que este se forme. Serán semipresenciais aquelas prácticas nas que exista un período inicial presencial que non exceda o 40% das horas totais de realización das prácticas, e nas que o resto poida ser realizado a distancia polo alumno ou alumna. Serán en liña aquelas para as que se considere que poden ser realizadas de maneira totalmente telemática pola persoa en formación.

As persoas que cursen o Grao en Xestión Cultural en modalidade presencial realizarán as prácticas en modalidade presencial, salvo casos excepcionais debidamente valorados polos órganos competentes ou circunstancias de emerxencia colectiva. O alumnado que curse o Grao en Xestión Cultural en modalidade semipresencial contará coas seguintes posibilidades:

- 1.-Realizar as prácticas en modalidade presencial, ben amparándose nun convenio dos xa asinados pola Universidade para as prácticas do Grao, ben promovendo de maneira autónoma a firma dun convenio cunha institución ou empresa.
- 2.-Realizar as prácticas en modalidade semipresencial ou en liña, ben amparándose nun convenio dos xa asinados pola Universidade para as prácticas do Grao e que conteña expresamente a mención a estas modalidades como preferentes ou como posibles (neste segundo caso, consultarase previamente á empresa ou institución), ben promovendo de maneira autónoma a firma dun convenio cunha institución ou empresa.